

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO

Resolución do 23 de xullo de 2018 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo, convocado pola Orde da Consellería de Facenda do 31 de marzo de 2017, para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de veterinarios, pola que se fan públicos os criterios de corrección, valoración e superación do segundo exercicio.

Na sesión que tivo lugar o día 23 de xullo de 2018, o tribunal nomeado pola Consellería de Facenda, mediante as Ordes do 5 e do 28 de febreiro de 2018 (DOG núm. 29, do 9 de febreiro e núm. 49, do 9 de marzo) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, **escala de veterinarios**, acordou, segundo o disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, **publicar os criterios de corrección, valoración e superación do segundo exercicio** que a continuación se detallan:

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O segundo exercicio consiste en resolver por escrito dous supostos de carácter práctico sobre a parte específica do programa, de trinta (30) preguntas tipo test cada un, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será válida, distribuídas do seguinte xeito:

- As trinta (30) primeiras corresponderán ao primeiro suposto, máis tres (3) preguntas de reserva que substituirán as preguntas anuladas neste suposto, pola súa orde.
- As trinta (30) seguintes corresponderán ao segundo suposto, máis tres (3) preguntas de reserva que substituirán as preguntas anuladas neste suposto, pola súa orde.
- No formulario do exame as preguntas figurarán do seguinte xeito:

Primeiro suposto: Preguntas numeradas da 1 á 30, onde R31, R32 e R33 son as preguntas de reserva, que substituirán exclusivamente as preguntas anuladas deste suposto, pola súa orde.

Segundo suposto: Preguntas numeradas da 34 á 63, onde R64, R65 e R66 son as preguntas de reserva que substituirán exclusivamente as preguntas anuladas deste suposto pola súa orde.

- Os aspirantes deberán sinalar na **folia de respostas do exame** as opcións de resposta que estimen válidas, de conformidade coas instrucións que se lles faciliten.
- A puntuación máxima do exercicio será de 30 puntos.
- Por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha (1) resposta correcta para o cómputo da puntuación do exercicio.
- As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.
- O exercicio terá unha duración máxima de dúas horas.

2. SUPERACIÓN DA PROBA

O exercicio cualificarase **de 0 a 30 puntos** e para superalo será necesario obter un **mínimo de 15 puntos**.

O tribunal determina que o número de respostas correctas exixido aos aspirantes para acadar esta puntuación mínima será como a continuación se indica:

-Das **60** preguntas **válidas** realizadas é necesario ter, como **mínimo**, para superar o segundo exercicio, **30 respostas correctas**, unha vez feitos os descontos correspondentes, sendo necesario obter en cada un dos dous supostos prácticos un mínimo de **12 respostas correctas**, unha vez feitos os descontos correspondentes.

-No caso de que o número total de preguntas válidas non fose o indicado (60), por mor da súa anulación, o número de respostas correctas requirido, unha vez feitos os descontos correspondentes, será da metade das preguntas válidas, redondeando, se é o caso, para arriba. Neste caso, tamén se esixirá, un mínimo de doce respostas correctas en cada un dos supostos, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Santiago de Compostela 23 de xullo de 2018

O presidente
(asinado electronicamente)

